INFORMES

Hábitos e prácticas culturais en Galicia

A redacción deste informe baséase na explotación da Enquisa de Hábitos e Prácticas Culturais en España 2018-2019, realizada polo Ministerio de Cultura y Deporte. Trátase dunha investigación dirixida a unha mostra de 16.000 persoas de 15 anos en diante residentes en España. O proxecto enmárcase no Plan Estadístico Nacional. Para Galicia fixéronse 952 entrevistas, que son as que se explotan para o presente traballo.

INFORMES
CCG

A finalidade deste informe é múltiple: por unha banda, trátase de avaliar a evolución dos principais indicadores relativos aos hábitos e prácticas culturais da poboación galega e, por outra, analizar outros aspectos relevantes no ámbito cultural, especialmente no que atinxe aos consumos culturais, atendendo ás formas de adquisición de determinados produtos culturais suxeitos a dereitos de propiedade intelectual, como libros, música gravada, vídeo e software.

O estudo da participación cultural parte da análise das seguintes actividades:

- Equipamentos culturais.
- Museos, exposicións e galerías de arte.
- Monumentos e xacementos arqueolóxicos.
- Lectura e bibliotecas.

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—

+34 981 957 202
consellodacultura.gal

- Artes escénicas.
- Música.
- Cine.
- Vídeo e contidos audiovisuais.
- Ordenador e Internet.
- Radio e televisión.
- Outras prácticas culturais.
- Prácticas culturais na infancia, vinculación coa práctica cultural dos pais e implicación na práctica dos fillos/-as.

As actividades relacionadas cos dereitos de propiedade intelectual foron tratadas nos ámbitos do libro, música, vídeo e software. Cando é relevante, ofrécense resultados segundo o lugar de residencia do individuo, por comunidade autónoma.

Equipamentos culturais

Os fogares que dispoñen de libros son o 91,2% do total dos fogares galegos, un dato similar ao do conxunto de España. A tendencia a que haxa fogares sen libros tende a incrementarse, xa que en 2002-2003 máis do 98% dos fogares dispuñan deste equipamento.

Persoas que dispoñen de libros no fogar



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

En canto ao número medio de libros dos fogares que dispoñen deles, a cifra tende a aumentar e sitúase nos 239 exemplares en Galicia.

Número medio de libros por fogar

	2002-2003	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
España	125	174,8	180,7	244	201,6
Galicia	156	143,9	196,9	213,1	239,1

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

No tocante ao libro dixital, o crecemento é moi importante, dado que se pasou dun 2,7% de persoas con ese equipamento en 2010-2011 a un 22,5% no último ano. Ademais, naqueles fogares onde hai libros dixitais, a media total de libros é maior.

Os instrumentos musicais están presentes no 29,7% dos fogares galegos, un pouco menos que no total de España (34,2%). O número medio de instrumentos naqueles fogares en que se dispón deste equipamento é de 2,3. Por comunidades autónomas, Galicia ocupa un dos últimos lugares xunto con Estremadura e Cataluña.

A última edición da enquisa do Ministerio de Cultura y Deporte recolle información sobre as persoas que dispoñen de subscricións a plataformas dixitais nos fogares. As plataformas de películas ou series son as máis utilizadas pola poboación en xeral, seguidas das canles de televisión e as de contidos musicais. Un 46,8% da poboación galega dispón dalgunha subscrición a este tipo de plataforma, 5,4 puntos porcentuais por debaixo da media estatal. Galicia supera ao conxunto do Estado nas relacionadas con videoxogos e libros, como se pode apreciar na seguinte gráfica comparativa.

Persoas segundo a dispoñibilidade de subscrición a plataformas dixitais no fogar



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Os fogares con acceso a Internet experimentan unha evolución positiva, pero cunha tendencia a estancarse a partir de 2014-2015. Así, pódese ver que nos últimos 5 anos a cantidade de persoas con conexión a Internet no fogar apenas medra, á vez que non diminúe a diferenza que existe co conxunto do Estado.

Evolución das persoas segundo a dispoñibilidade de acceso a Internet no fogar



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

En canto ao software usado, só o 7,1% dos fogares galegos dispón de programas educativos e un 20,3% de software de xogos. Un 33,2% da po-

boación galega vive nun fogar onde hai polo menos unha consola de videoxogos.

A dispoñibilidade dalgún tipo de equipo para escoitar música no fogar é superior á media estatal. O máis habitual é a radio e os menos frecuentes os reprodutores de discos de vinilo e equipos conectados a Internet.

Persoas segundo a dispoñibilidade de equipamentos para escoitar música no fogar

		España	Galicia
Total dispoñen de equipamento para escoitar música		94,9	96,7
Equipos de son nos que se pode escoitar música	Radio	78,1	88,1
	Discos de vinilo	16,6	20,1
	CD, DVD ou Blu-Ray	56,6	66,7
	Arquivos dixitais de música	33,4	35,2
	Algún deles dispón de conexión a Internet	23,7	22,3
Móbil con reprodutor de música		80,8	79,0
Outros dispositivos (PC, tableta) con reprodutor de música		64,7	65,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Con relación aos soportes de música, os CD, DVD e Blu-Ray son os máis presentes nos fogares (70,3% da poboación galega dispón deles), seguidos dos soportes en formato dixital (37,6%) e dos discos de vinilo (27%). Con todo, a media de soportes que posúen é moito maior no caso dos dixitais (310 por fogar), que nos CD (76) e vinilos (67).

En canto a aparatos para ver televisión, practicamente a totalidade da poboación dispón dun (98,9%), pero só un 39,6% con conexión a Internet, un dato algo inferior ao conxunto do Estado (46,8%).

Museos, exposicións e galerías de arte

O interese da poboación galega polos museos, exposicións e galerías de arte sitúase nos tres casos por debaixo da media estatal. Pódese constatar que en todas as comunidades autónomas os espazos culturais máis valorados son os museos, coa Comunidade de Madrid e Aragón á cabeza, cunha puntuación de 5,9. A nota media no conxunto de España sitúase en 5,2 e en Galicia en 4,6. A comunidade onde se mostra menos interese polos museos é o País Vasco, cunha valoración media dun 4,3.

Na seguinte táboa móstranse datos da valoración media de cada un destes espazos por comunidades autónomas.

Valoración media do grao de interese polos museos, exposicións e galerías de arte (de 0 a 10)

	Museos	Exposicións	Galerías de arte
Total España	5,2	4,8	4,1
Andalucía	5,2	4,9	4,2
Aragón	5,9	5,5	4,8
P. Asturias	4,4	4,4	3,5
I. Baleares	5,2	5,0	4,6
Canarias	5,0	4,7	4,5
Cantabria	4,8	4,3	3,2
Castela e León	4,8	4,5	3,7
Castela-A Mancha	5,2	4,8	4,1
Cataluña	5,4	4,8	4,0
C. Valenciana	5,1	4,5	4,0
Estremadura	5,2	4,5	3,5
Galicia	4,6	4,4	3,5
C. Madrid	5,9	5,6	4,9
R. Murcia	4,4	4,0	3,5
C.F. Navarra	4,9	4,7	4,2
País Vasco	4,3	4,1	3,5
A Rioxa	5,6	5,0	4,4
Ceuta e Melilla	5,8	5,6	5,2

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

En termos globais, un 45,2% da poboación galega realizou no último ano unha visita a un museo, exposición ou galería de arte. No conxunto do territorio español, esta porcentaxe acada un 46,7%. Tal como se observa na seguinte gráfica, por comunidades autónomas, Galicia ocupa o oitavo lugar en asistencia a este tipo de infraestruturas culturais, con 11,2 puntos porcentuais de diferenza con respecto a Aragón, que é a que acada a porcentaxe de asistencia máis elevada de toda España (56,4%), e supera en máis de 10 puntos a Canarias, a comunidade autónoma na que menos se visitan os museos, exposición e galerías de arte (34,1%).

Persoas que visitaron museos, exposicións ou galerías de arte por comunidades autónomas



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Se se desagregan os datos polos diferentes tipos de infraestruturas culturais, obtéñense os resultados da seguinte táboa.

Persoas segundo a asistencia ou visita a museos, exposicións e galerías de no último ano

	España	Galicia
Museos	40,5	35,9
Exposicións	29,8	30,8
Galerías de arte	16,0	14,1

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Segundo estes resultados, os espazos culturais máis visitados tanto en Galicia coma no resto de España son os museos, seguidos das exposicións e das galerías de arte. No que respecta ás exposicións, a porcentaxe da poboación galega que visitou exposicións durante o último ano supe-

ra en 1 punto ao conxunto do Estado. Por último, semella que as galerías de arte son os espazos menos visitados tanto en Galicia coma no conxunto de España.

Ao seren os museos os espazos máis frecuentados tanto en Galicia coma no conxunto de España, convén analizar as visitas aos museos desde o punto de vista da evolución temporal. Segundo os datos que se mostran na seguinte táboa, apréciase un incremento considerable no último ano tanto no total do Estado como en Galicia. En toda a serie histórica, as visitas a museos nun ano en Galicia incrementáronse en 10 puntos porcentuais, mentres que no conxunto estatal o aumento foi de 9,3 puntos.



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

As persoas que visitaron museos en Galicia, fixeron unha media de 2,5 visitas nun trimestre, cifra idéntica ao conxunto do Estado. Ademais, estas visitas realízanse principalmente coa familia ou amizades (76,2%). As visitas escolares aos museos en Galicia supoñen o 3,7% do total, porcentaxe inferior á do total de España (5,3%).

Outra información relevante refírese ás persoas que non van nunca ou case nunca aos museos, que en Galicia son o 30,8% da poboación, case 8 puntos porcentuais máis ca no conxunto do Estado. A seguinte gráfica mostra os datos sobre este indicador para todas as comunidades autónomas no ano 2018 e nela obsérvase que Galicia é a terceira coa por-

centaxe máis elevada de persoas que non van nunca ou case nunca a un museo, despois de Cantabria e Canarias.

Porcentaxe de persoas que non van nunca ou case nunca a un museo



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

En referencia aos datos anteriores, convén sinalar os motivos argumentados pola xente que non visita máis veces os museos. Os resultados detállanse na seguinte táboa.

Motivos que máis inflúen en que a xente non vaia máis aos museos

	España	Galicia
É caro	11,2	6,3
É difícil conseguir entradas	1,0	0,6
Hai pouca oferta na miña zona	15,8	22,8
Hai pouca información	4,2	6,3
Prefire visitas virtuais	0,4	0,2
Resúltalle difícil saír da casa	8,1	7,4
Resúltalle difícil de entender	1,6	1,3
Non ten tempo	33,3	26,5
Non ten interese	20,2	22,2
Non ten con quen ir	2,3	3,2
Problemas de accesibilidade física ao recinto	1,8	3,3

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

O motivo principal polo que a xente non vai aos museos, tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, é a falta de tempo (33,3% e 26,5% respectivamente), seguido pola falta de interese (20,2% e 22,2%) e a escaseza de oferta na zona da persoa entrevistada. En Galicia, esta xustificación acada un 22,8% do total, fronte a un 15,8% no conxunto do Estado. Ademais, cómpre salientar que o prezo non parece ser un motivo moi determinante á hora de non ir a un museo en Galicia, xa que tan só un 6,3% o considera caro, fronte a un 11,2% no total de España. De feito, se se compara co resto das comunidades autónomas, Galicia é a cuarta comunidade autónoma onde menos frecuente é este motivo para non acudir, fronte a Cataluña, onde un 20,5% da poboación considera que ir aos museos é caro.

Monumentos e xacementos arqueolóxicos

En termos xerais, as visitas a monumentos son máis frecuentes que aos xacementos arqueolóxicos, tanto en Galicia coma no conxunto de España. Aínda que a porcentaxe de visitas a este tipo de infraestruturas culturais no último ano é menor en Galicia ca no conxunto do Estado, os datos son moi semellantes nos dous casos. Porén, a porcentaxe de persoas que non van nunca mostra diferenzas máis claras entre o total de España e Galicia, especialmente nas visitas a xacementos arqueolóxicos, onde a diverxencia é de máis de 8 puntos porcentuais (48,8% en Galicia fronte a 40,4% na media estatal).

Un 48,1% da poboación galega visitou no último ano un monumento fronte a un 49,3% no conxunto de España. Esta taxa é superior á das persoas que non frecuentaron nunca ou case nunca os monumentos en 5 puntos porcentuais en Galicia e en 18 puntos no conxunto de España. Con respecto aos xacementos arqueolóxicos, as visitas no último ano incrementáronse en case 2 puntos porcentuais con respecto ao período 2014-2015 en Galicia e en máis de 5 puntos en todo o Estado. Por outra banda, Galicia ocupa o cuarto lugar na porcentaxe máis elevada de persoas que non van nunca a xacementos arqueolóxicos, despois de Cantabria, Canarias e Cataluña. A comunidade autónoma cunha frecuencia de visitas maior a xacementos arqueolóxicos no último ano é Estremadura.

Persoas segundo a visita a monumentos e xacementos arqueolóxicos

	España	Galicia
Monumentos		
Total visitaron no último ano	49,3	48,1
Nos últimos tres meses	28,7	28,8
Entre tres meses e un ano	20,6	19,3
Hai máis dun ano	30,8	29,6
Nunca ou case nunca	19,9	22,2
Xacementos arqueolóxicos		
Total visitaron no último ano	21,8	19,6
Nos últimos tres meses	9,8	8,4
Entre tres meses e un ano	12,1	11,1
Hai máis dun ano	37,8	31,6
Nunca ou case nunca	40,4	48,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

En canto ao número de visitas realizadas a monumentos e xacementos arqueolóxicos, os máis frecuentados son os primeiros tanto en Galicia coma no conxunto de España. En Galicia as visitas a monumentos aumentaron case dez puntos porcentuais con respecto a 2014. En relación cos xacementos arqueolóxicos, a porcentaxe de persoas que os visitan en Galicia acada o 19,6% e o 21,8% no conxunto de España. A comunidade galega rexistrou un aumento destas visitas en 9 puntos porcentuais na serie histórica que aquí se presenta.

Evolución do número de visitas a monumentos e xacementos arqueolóxicos en Galicia e no conxunto de España

	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
Monumentos				
España	34,1	39,5	41,4	49,3
Galicia	31,6	37,0	38,9	48,1
Xacementos arqueolóxicos				
España	13,0	13,9	16,6	21,8
Galicia	10,7	14,5	17,7	19,6

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En Galicia a valoración media do grao de interese polos monumentos e xacementos arqueolóxicos é nos dous casos algo inferior á do conxunto de España. Nas comunidades autónomas nas que se mostra maior interese pola visita a monumentos son Aragón e A Rioxa, con 6,4 puntos

de media, fronte aos 5,7 que se outorgan en Galicia e no total do Estado. A comunidade na que se mostra menor grao de interese polos monumentos é Murcia, con 4,5 puntos. Por outra banda, os xacementos arqueolóxicos espertan maior grao de interese en Ceuta e Melilla, con 5,7 puntos de media, mentres que a comunidade autónoma con menor grao de interese é o País Vasco, con 4 puntos.

Valoración media do grao de interese polos monumentos e xacementos arqueolóxicos (de 0 a 10)

	Monumentos	Xacementos arqueolóxicos
Total España	5,7	4,8
Andalucía	5,8	5,2
Aragón	6,4	5,4
Asturias	5,0	4,2
Baleares	5,6	5,1
Canarias	5,1	4,9
Cantabria	5,1	4,3
Castela e León	5,7	4,5
Castela-A Mancha	5,9	5,1
Cataluña	5,8	4,7
Comunidade Valenciana	5,4	4,3
Estremadura	5,8	5,0
Galicia	5,7	4,4
Madrid	6,1	5,3
Murcia	4,5	4,1
Navarra	5,5	4,8
País Vasco	4,7	4,0
A Rioxa	6,4	5,5
Ceuta e Melilla	6,3	5,7

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Lectura e bibliotecas

O interese pola lectura mídese nunha escala de 1 a 10. A media de España sitúase en 6,5 e a de Galicia nun 6,4. Estes datos implican que Galicia se achega á media nacional e que medrou o interese pola lectura en 5 décimas, mentres que no conxunto do Estado medrou dúas. Os datos da última enquisa correspondente á anualidade 2018-2019 mostran que en case todas as comunidades autónomas se incrementou o interese pola lectura, agás en Estremadura e en Murcia, onde diminuíu, e en Asturias, Baleares e Madrid, onde se mantivo con respecto á enquisa anterior (2014-2015).

Evolución da valoración media do grao de interese pola lectura

	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
Total España	6,2	6,1	6,3	6,5
Andalucía	5,7	5,5	6,2	6,3
Aragón	6,2	6,2	6,3	6,6
P. Asturias	6,0	5,8	6,5	6,5
I. Baleares	6,3	5,9	6,5	6,5
Canarias	5,6	6,3	6,0	6,7
Cantabria	6,7	6,2	5,6	6,2
Castela e León	6,3	6,3	6,5	6,3
Castela-A Mancha	5,9	5,1	5,1	6,2
Cataluña	6,5	6,5	6,3	6,5
C. Valenciana	6,2	6,1	6,2	6,4
Estremadura	5,5	5,4	5,8	5,6
Galicia	5,9	6,0	5,9	6,4
C. Madrid	6,8	6,9	7,1	7,1
R. Murcia	5,3	5,4	6,3	6,2
C.F. Navarra	6,2	6,3	6,3	6,4
País Vasco	6,7	6,4	5,9	6,7
A Rioxa	5,9	6,3	5,9	6,4
Ceuta e Melilla	4,9	6,2	6,1	7,1

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Se se analiza o comportamento da poboación lectora, segundo a seguinte táboa Galicia está por riba da media estatal en número medio de libros lidos nun trimestre e isto foi así en toda serie histórica, agás no 2006-2007. Na última anualidade, o número medio de libros lidos nun trimestre en Galicia sitúase en 5,4, mentres que no conxunto do Estado en 4,8. No conxunto das comunidades autónomas, Galicia ocupa o segundo lugar, despois do País Vasco, cunha media de 6,1 libros lidos por trimestre. O máis salientable destes datos é que tanto a comunidade galega como o conxunto do Estado experimentan un incremento progresivo en toda a serie histórica (2 e 1,6 libros respectivamente).

Número medio de libros lidos nun trimestre por comunidade autónoma

	2002-2003	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
Total España	3,2	4,1	4,4	4,5	4,8
Andalucía	3,1	4,5	4,1	3,8	4,9
Aragón	3,3	4,2	3,3	4,5	5,2
P. Asturias	2,6	4,5	4,4	5,7	5,1
I. Baleares	3,0	3,9	3,9	3,4	5,2
Canarias	2,8	3,2	5,3	3,5	4,3

Cantabria	4,0	4,3	5,6	5,4	3,7
Castela e León	3,2	4,2	3,7	4,4	5,0
Castela-A Mancha	2,8	4,1	4,9	4,0	4,8
Cataluña	3,7	4,0	4,3	4,8	4,4
C. Valenciana	2,7	4,2	3,9	4,5	4,2
Estremadura	2,3	3,4	3,4	3,4	3,7
Galicia	3,4	3,8	4,9	4,9	5,4
C. Madrid	2,8	3,9	4,9	4,8	4,7
R. Murcia	2,7	3,8	4,3	6,1	5,3
C.F. Navarra	2,8	3,9	4,7	4,7	3,8
País Vasco	3,9	4,2	4,1	3,6	6,1
A Rioxa	3,3	3,4	4,4	4,6	4,3
Ceuta e Melilla	-	4,2	4,6	4,3	5,3

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Outros datos interesantes que se mostran na seguinte gráfica están relacionados co formato en que se len os libros. Pódese observar que en todas as comunidades autónomas, as persoas que fan uso do formato dixital len algo máis que as que o fan sobre o papel. En Galicia, lense unha media de 5,2 libros en formato dixital por trimestre, fronte a 4,3 en formato papel. Segundo estes datos, Galicia ocupa o segundo lugar das comunidades autónomas no número de libros lidos en formato dixital, despois de Canarias, onde se len unha media de 5,9 libros por trimestre. A comunidade autónoma onde se le menos en formato dixital é Navarra, unha media de 3,4 libros por trimestre.

Número medio de libros lidos nun trimestre segundo o formato por comunidade autónoma



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Na seguinte gráfica móstrase a evolución no uso do formato dixital e papel na lectura de libros, comparando os datos de Galicia e o total de España. En primeiro lugar, cómpre salientar que na comunidade galega o uso do formato dixital para a lectura de libros domina sobre o papel nas tres anualidades das que se ofrecen datos. Se ben no conxunto do Estado a lectura do libro en formato dixital se mantivo estable entre 2011 e 2018, en Galicia incrementouse significativamente no ano 2016 (1,1 libros máis ca en 2010), pero en 2018 volveu descender.

Evolución do número medio de libros lidos nun trimestre segundo o formato en Galicia e conxunto de España



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

No que respecta ao tempo medio empregado na lectura, a seguinte táboa mostra que en 2018-2019 o tempo medio de lectura nun día no conxunto de España se achega ás dúas horas (118,2 minutos), mentres que en Galicia é inferior (105,2 minutos). Apréciase outra diferenza importante, xa que a media estatal aumentou en 6,2 minutos, mentres que na comunidade galega se reduciu en 21,3 minutos con respecto a 2014-2015. En contraste, se se analiza cunha perspectiva temporal máis ampla, pódese observar que se produce un incremento dende 2006-2007 de case 20 minutos no tempo de lectura.

Persoas que leron libros nun trimestre segundo o tempo medio (minutos) que dedican nun día por comunidade autónoma

	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
España	98,7	110,9	111,5	118,2
Galicia	89,7	112,6	126,5	105,2

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

En canto aos motivos polos que non se le ou non se le máis, a seguinte gráfica mostra os datos para Galicia e o conxunto de España en 2018-2019. Como se pode observar, a causa principal é a falta de tempo para máis da metade da poboación, tanto no total de España (59,5%) como en Galicia (52,7%). O seguinte motivo polo que non se le é a falta de interese ou porque non gusta (un 19,2% na comunidade galega e un 13,3% no conxunto estatal). A terceira razón máis salientable pola que non se le difire en Galicia e no conxunto de España: mentres que na comunidade galega se xustifica por problemas de vista (12,1%), no total de España é polo prezo (10,6%).

Motivos principais polos que non se le ou no se le máis en Galicia e no conxunto de España



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

No referente á compra de libros, un 27,2% da poboación galega declarou que mercara libros no último trimestre, fronte a un 27,6% no total do Estado. Na compra de libros en formato dixital Galicia sitúase lonxe da media (11,8%) cun 7,4% de individuos que mercaron libros neste formato.

A seguinte táboa reflicte o número medio de libros comprados nun trimestre por comunidade autónoma. Segundo estes datos, na última anualidade na comunidade galega compráronse 5 libros de media por trimestre, fronte aos 4,6 no conxunto do Estado. En liñas xerais pódese dicir que a tendencia é positiva en Galicia, agás en 2010, que rexistrou a cifra máis baixa no número de libros comprados (4,2). Ademais, estes datos mostran que a comunidade na que máis libros se compraron de media no último ano foi na Rexión de Murcia (5,9) e na que menos foi Estremadura (2,8).

Evolución do número medio de libros comprados nun trimestre por comunidade autónoma

	2002-2003	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
Total España	3,5	5,0	4,2	4,0	4,6
Andalucía	3,7	5,1	4,0	3,5	4,6
Aragón	3,2	5,1	3,7	3,9	5,1
P. Asturias	3,6	3,5	3,6	4,6	3,9
I. Baleares	3,3	4,9	5,0	4,2	4,2
Canarias	3,7	4,5	5,4	3,1	3,8
Cantabria	4,0	5,1	5,1	4,0	4,4
Castela e León	3,5	4,7	3,6	3,6	4,6
Castela-A Mancha	2,6	5,1	3,2	3,6	4,6
Cataluña	3,1	5,0	4,4	4,9	5,0
C. Valenciana	3,0	6,1	4,0	3,8	4,1
Estremadura	2,4	4,5	3,1	2,6	2,8
Galicia	4,3	4,5	5,4	4,2	5,0
C. Madrid	3,5	4,8	4,2	4,2	4,5
R. Murcia	3,2	4,9	4,7	4,5	5,9
C.F. Navarra	3,0	4,3	3,5	3,4	4,4
País Vasco	4,0	4,2	3,0	2,9	5,0
A Rioxa	3,3	4,8	4,8	4,1	4,7
Ceuta e Melilla	-	7,1	4,1	4,0	5,0

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

O grao de interese pola lectura de xornais en Galicia sitúase no 5,9, máis de medio punto por riba da media de España, 5,3. O 80,5% da poboación en Galicia le o xornal polo menos unha vez ao mes, fronte ao 69,7% no ámbito estatal. En lectura diaria tamén supera a media nacional (55,6% e 44,4%, respectivamente) e sitúase na segundo posición, só por detrás de Asturias.

Persoas que len todos ou case todos os días prensa diaria de información xeral



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Bibliotecas

A asistencia ás bibliotecas ten un escaso interese entre a poboación. No conxunto de España o grao de interese medio polas bibliotecas sitúase en 3,1 puntos e no caso de Galicia en 2,5 puntos. Na seguinte táboa póde-se observar a valoración media do grao de interese pola asistencia a bi-bliotecas nas distintas comunidades autónomas e, segundo estes datos, Galicia ocupa o último lugar.

Valoración media do grao de interese pola asistencia a bibliotecas (de 0 a 10)



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Se se observan os datos segundo a frecuencia de asistencia a bibliotecas, pódese comprobar que existen diferenzas salientables. Así, no último ano acudiu ás bibliotecas un 23% da poboación española. No caso de Galicia, a porcentaxe é 0,2 puntos porcentuais inferior, situándose nun 22,8%. A comunidade autónoma que rexistra a asistencia máis baixa a bibliotecas é Estremadura (14,5% da poboación) e a máis elevada o País Vasco (28,2%).

Persoas segundo a asistencia ou o acceso ás bibliotecas no último ano por comunidades autónomas

	Porcentaxe
Total España	23,0
Andalucía	21,6
Aragón	23,9
P. Asturias	22,6
I. Baleares	18,6

Canarias	15,6
Cantabria	21,5
Castela e León	26,9
Castela-A Mancha	24,2
Cataluña	26,7
C. Valenciana	20,4
Estremadura	14,5
Galicia	22,8
C. Madrid	24,5
R. Murcia	20,1
C.F. Navarra	22,8
País Vasco	28,2
A Rioxa	20,0
Ceuta e Melilla	23,9

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Un 55,7% da poboación galega non asistiu ou accedeu a través de Internet a unha biblioteca nunca ou case nunca. Esta porcentaxe supera en 8,4 puntos porcentuais a do conxunto do Estado. No caso da asistencia presencial, redúcese lixeiramente a porcentaxe das persoas que non van nunca ou case nunca, cunha diferenza con respecto ao total de España de 8,1 puntos porcentuais. Tamén se atopan diferenzas no acceso ás bibliotecas a través de Internet, aínda que a porcentaxe no último ano é moi baixa, en Galicia é superior ao conxunto de España en 0,4 puntos porcentuais.

Persoas segundo a asistencia ou o acceso a través de Internet a bibliotecas

	España	Galicia
Total asistiron ou accederon por Internet a bibliotecas		
Total no último ano	26,8	26,7
No último trimestre	19,7	20,0
Entre tres meses e un ano	7,2	6,7
Hai máis dun ano	25,8	17,6
Nunca ou case nunca	47,3	55,7
Asistiron a bibliotecas		
Total no último ano	23,0	22,8
No último trimestre	16,0	16,6
Entre tres meses e un ano	6,9	6,2
Hai máis dun ano	26,8	18,8
Nunca ou case nunca	50,2	58,3
Accederon a bibliotecas a través de Internet		
Total no último ano	9,9	10,3
No último trimestre	7,6	7,4
Entre tres meses e un ano	2,3	2,9

Hai máis dun ano	8,4	4,4
Nunca ou case nunca	81,7	85,3

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Por último, cómpre analizar os motivos polos que a xente non vai ou non frecuenta máis veces a biblioteca. En Galicia, a causa máis indicada é a falta de interese (39,4%), con case 0,7 puntos de diferenza con respecto ao conxunto do Estado. A seguinte xustificación máis mencionada é a falta de tempo, que case coincide na porcentaxe coa do total de España. Destaca o feito de que un 6,5% da poboación galega non vai ás bibliotecas porque prefire acceder a elas a través de Internet, un 5,9% non dispón dunha na zona e un 3,1% non vai porque ten problemas de accesibilidade ao recinto.

Motivos polos que non van ou non van máis veces á biblioteca

	España	Galicia
Descoñecemento de que existan na zona	1,2	0,7
Descoñecemento do seu funcionamento (horarios, prezo etc.)	1,3	1,0
Horario limitado	4,9	5,5
Non existencia na zona	3,7	5,9
Teñen poucas prestacións	1,4	0,7
Son incómodas	2,1	2,8
Falta de tempo	33,4	30,2
Falta de interese	38,7	39,4
Prefiro acceder a ela a través de Internet	8,0	6,5
Non atopo o que me interesa	3,4	4,2
Problemas de accesibilidade física ao recinto	2,0	3,1

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Artes escénicas

Neste apartado abórdanse os hábitos culturais relacionados coas artes escénicas, é dicir, teatro, ballet/danza, ópera, zarzuela ou circo, analizando tanto o grao de interese que espertan na poboación como o nivel de asistencia.

No tocante ao grao de interese polas artes escénicas, a seguinte táboa mostra a evolución en Galicia e no conxunto de España nos últimos 15 anos. A actividade que máis interese esperta ao longo de todo o período estudado, tanto no total do Estado como na comunidade galega, é o

teatro. A valoración que se lle outorga no último ano da serie histórica é de 5,4 no conxunto de España e de 4,6 en Galicia. Con respecto ao teatro, cómpre salientar que se ben no conxunto estatal a valoración se mantén estable, en Galicia diminúe 0,6 puntos.

A valoración máis baixa, que é para a zarzuela, tamén coincide en Galicia e no total do Estado. Neste caso no conxunto de España foi de 3,2 e en Galicia de 2,5.

Evolución do grao de interese polas artes escénicas (valoración media de 0 a 10)

	2002-2003	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
Total España					
Escénicas en xeral	-	-	-	5,2	5,4
Teatro	5,5	4,9	5,1	5,3	5,4
Ópera	2,8	2,8	2,9	3,0	3,5
Zarzuela	3,1	2,8	2,8	2,9	3,2
Ballet/Danza	3,2	3,1	3,3	3,3	3,8
Circo	-	-	-	3,9	4,0
Galicia					
Escénicas en xeral				4,3	4,7
Teatro	5,2	3,7	4,7	4,3	4,6
Ópera	2,6	2,0	2,8	2,3	2,9
Zarzuela	2,6	2,0	2,6	2,1	2,5
Ballet/Danza	3,0	2,4	3,2	2,9	3,2
Circo	-	-	-	3,6	3,5

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

A asistencia a espectáculos de artes escénicas varía segundo o tipo de espectáculo pero, tal como reflicten os datos da seguinte táboa, é o teatro o que atrae a un maior número de espectadores e este dato coincide tamén co grao de interese que esperta. O contrario acontece coa zarzuela, que é o que menos afluencia rexistra en todas as comunidades autónomas, cunha asistencia media en todo o Estado dun 1,5% (0,6% en Galicia). A asistencia a espectáculos de artes escénicas en Galicia é 6,1 puntos porcentuais inferior ao conxunto de España e, por comunidades autónomas, é a terceira con menor porcentaxe de asistencia, despois de Cantabria e Aragón. A comunidade autónoma coa taxa de asistencia máis alta é Madrid, concretamente un 39,2%, superando en 8,4 puntos porcentuais a media do Estado.

Persoas que asistiron a espectáculos de artes escénicas no último ano por comunidade autónoma

	Artes escénicas	Teatro	Ópera	Zarzuela	Ballet/Danza	Circo
Total España	30,8	24,5	3,3	1,5	8,0	7,3
Andalucía	33,1	25,1	2,8	1,3	9,2	9,4
Aragón	20,9	18,8	1,0	0,8	4,0	4,4
P. Asturias	29,4	22,3	2,8	2,5	6,9	7,3
I. Baleares	31,2	24,5	4,5	0,8	7,5	7,9
Canarias	19,7	16,4	3,6	1,5	5,8	2,6
Cantabria	27,8	18,6	1,2	0,5	11,0	8,1
Castela e León	32,8	26,4	2,2	2,2	7,8	7,6
Castela-A Mancha	35,1	29,9	1,6	2,1	7,6	6,8
Cataluña	29,7	24,4	3,1	0,5	6,7	7,9
C. Valenciana	26,5	19,2	3,4	1,9	6,8	6,5
Estremadura	28,3	22,7	1,7	1,7	5,5	7,9
Galicia	24,7	18,3	2,8	0,6	6,9	5,0
C. Madrid	39,2	32,8	5,8	2,5	10,5	7,7
R. Murcia	29,9	25,5	3,4	2,2	9,0	5,9
C.F. Navarra	32,9	26,5	4,5	2,6	6,5	6,0
País Vasco	32,2	23,8	4,1	1,6	9,8	8,0
A Rioxa	33,2	25,3	1,2	1,8	7,3	5,6
Ceuta e Melilla	32,7	27,7	1,4	1,9	10,3	7,6

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Se se analizan os datos da evolución da asistencia a espectáculos de artes escénicas, comparando os datos do conxunto de España e de Galicia segundo o tipo de espectáculo, confírmase que en toda a serie temporal se mantén o teatro como a actividade que rexistra maior asistencia, moi por riba das outras artes. Obsérvase un descenso na afluencia aos distintos espectáculos nos anos 2006-2007 e 2010-2011, tanto en Galicia coma no conxunto de España, agás en ballet e danza, que rexistran un incremento da presenza de espectadores.

Evolución da asistencia a espectáculos de artes escénicas no último ano

	2002-2003	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
Total España					
Teatro	23,4	19,1	19,0	23,2	24,5
Ópera	3,0	2,7	2,6	2,6	3,3
Zarzuela	2,6	1,9	1,6	1,8	1,5
Ballet/Danza	4,6	5,1	6,1	7,0	8,0
Circo	-	-	-	7,7	7,3
Galicia					
Teatro	18,4	11,9	12,4	14,8	18,3
Ópera	2,8	1,3	2,2	1,5	2,8

Zarzuela	1,4	0,5	0,8	0,9	0,6
Ballet/Danza	3,5	1,2	4,1	5,0	6,9
Circo	-	-	-	6,5	5,0

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A porcentaxe de persoas que non van nunca ou case nunca é alta. Galicia é unha das comunidades en que se rexistra a asistencia máis baixa a espectáculos de artes escénicas en 2018-2019. Segundo os datos da seguinte táboa, un 54% non vai nunca ou case nunca ao teatro, un 85,6% á ópera, un 91,6% á zarzuela, un 77,2% ao ballet/danza e un 64% ao circo. En casos como o teatro, hai unha diferenza porcentual de 15,8 puntos entre Galicia e o conxunto do Estado.

Persoas que nunca ou case nunca asistiron a un espectáculo de artes escénicas por comunidade autónoma

	Teatro	Ópera	Zarzuela	Ballet/Danza	Circo
Total España	38,2	78,5	83,5	68,2	55,1
Andalucía	35,8	79,8	85,4	67,1	45,0
Aragón	31,0	82,4	83,0	78,1	28,5
P. Asturias	40,4	80,4	83,9	74,5	54,2
I. Baleares	29,5	73,9	81,8	67,8	35,2
Canarias	50,4	81,0	86,3	67,3	62,9
Cantabria	54,2	84,2	89,8	71,4	72,3
Castela e León	32,7	80,2	81,2	67,7	56,1
Castela-A Mancha	31,3	83,1	81,1	68,6	51,1
Cataluña	32,8	75,1	87,7	66,9	50,7
C. Valenciana	50,0	82,0	85,2	74,0	68,2
Estremadura	42,5	90,1	91,6	79,2	58,4
Galicia	54,0	85,6	91,6	77,2	64,0
C. Madrid	30,6	70,8	73,5	60,2	61,8
R. Murcia	48,9	78,2	80,8	69,3	68,3
C.F. Navarra	39,4	71,5	74,2	64,4	53,7
País Vasco	37,0	75,1	79,7	63,8	55,8
A Rioxa	36,3	79,7	82,6	66,9	61,4
Ceuta e Melilla	35,4	87,2	88,9	68,1	37,2

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Para comprender as cifras da pouca asistencia a espectáculos de artes escénicas, cómpre analizar os motivos polos cales as persoas non frecuentan nunca ou máis a miúdo estes eventos. A seguinte táboa ofrece

datos nos que se comparan as razóns atribuídas á baixa asistencia en Galicia e no conxunto de España en 2018.

Pódese observar que o principal motivo polo que o público non asiste nunca ou con máis frecuencia aos distintos espectáculos de artes escénicas é a falla de interese tanto no total de España como en Galicia. O espectáculo que esperta menos interese é a zarzuela, con máis dun 53% de persoas que din que non van por este motivo, tanto en Galicia coma no conxunto de España. O segundo motivo tamén coincide para todos os espectáculos de artes escénicas tanto en Galicia coma no conxunto de España e é a falta de tempo. Por último, a terceira razón é a falla de oferta na zona en todos os espectáculos en Galicia, pero no conxunto de España, en concreto na ópera, cítase como terceira causa máis importante para non asistir nunca ou con máis frecuencia o prezo elevado das entradas.

Persoas segundo os motivos principais polos que non van ou non van máis veces a artes escénicas

	Teatro	Ópera	Zarzuela	Ballet/Danza	Circo
España					
É caro	14,7	9,9	6,7	9,8	8,2
É difícil conseguir entradas	1,2	1,1	0,7	0,9	0,6
Hai pouca oferta na miña zona	15,2	9,8	9,3	10,5	13,6
Hai pouca información	3,8	2,5	2,5	2,9	2,2
Prefire oílo por radio/velo na televisión, vídeo, Internet	1,7	1,5	1,2	1,8	1,3
Resúltalle difícil saír da casa	5,3	4,0	3,8	4,5	3,8
Resúltalle difícil de entender	1,4	2,8	2,8	2,4	2,1
Non ten tempo	25,4	18,0	17,0	20,8	18,5
Non ten interese	27,6	47,7	53,1	43,4	46,2
Non ten con quen ir	2,4	1,8	1,7	1,8	2,4
Só dispoñibles en revenda	0,0	0,0	-	0,1	0,0
Problemas de accesibilidade física ao recinto	1,3	1,1	1,1	1,2	1,0
Galicia					
É caro	7,9	4,9	3,5	5,0	4,9
É difícil conseguir entradas	1,6	0,9	0,6	0,7	0,6
Hai pouca oferta na miña zona	20,8	14,1	12,3	13,8	15,3
Hai pouca información	6,3	3,9	4,1	4,0	4,4
Prefire oílo por radio/velo na televisión, vídeo, Internet	0,3	0,4	0,3	0,6	0,2
Resúltalle difícil saír da casa	3,8	3,0	2,6	3,3	2,7
Resúltalle difícil de entender	0,7	1,3	1,3	1,5	0,7

Non ten tempo	21,8	19,2	17,7	20,4	20,4
Non ten interese	31,6	48,3	53,6	46,0	45,6
Non ten con quen ir	3,0	2,1	2,1	2,8	3,2
Só dispoñibles en revenda	0,0	0,0	-	0,0	0,0
Problemas de accesibilidade física ao recinto	2,2	2,0	1,9	2,2	2,0

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Música

Na seguinte táboa ofrécense datos sobre o grao de interese pola música en xeral, no que se refire a escoitar ou a asistir a concertos en directo.

Valoración media do grao de interese pola música por comunidade autónoma (de 0 a 10)

	Música en xeral	Concertos de música clásica	Concertos de música actual	Escoitar música
Total España	7,7	5,0	6,6	7,8
Andalucía	8,0	4,9	7,3	8,1
Aragón	7,4	5,3	6,4	7,4
P. Asturias	7,3	4,2	6,1	7,5
I. Baleares	7,6	4,6	6,5	7,8
Canarias	7,9	5,9	7,2	8,0
Cantabria	7,2	4,1	6,3	7,2
Castela e León	7,4	4,4	6,2	7,6
Castela-A Mancha	7,8	4,6	6,9	7,8
Cataluña	7,7	5,2	6,0	7,8
C. Valenciana	7,7	5,0	6,5	7,8
Estremadura	6,8	3,0	6,0	7,0
Galicia	7,6	4,6	6,4	7,6
C. Madrid	8,0	5,8	6,9	8,1
R. Murcia	7,3	4,5	6,4	7,5
C.F. Navarra	7,1	5,2	6,1	7,2
País Vasco	7,1	4,5	6,2	7,4
A Rioxa	7,7	4,7	6,2	7,8
Ceuta e Melilla	8,0	5,9	7,3	8,1

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Se ben o grao de interese pola música en xeral recibe unha valoración alta, superando en case todas as comunidades autónomas unha puntuación de 7, o mesmo que acontece co hábito de escoitar música, si se atopan diferenzas na asistencia a concertos en directo. Deste xeito, en

Galicia o grao de interese polos concertos de música actual sitúase en 6,4 puntos e os de música clásica en 4,6. As dúas puntuacións son inferiores ao conxunto do Estado (6,6 e 5 puntos, respectivamente).

En Galicia un 84,6% da poboación escoita música polo menos unha vez ao mes, fronte ao 85,8% no total de España. Así, na comunidade galega un 69,8% da poboación ten o hábito de escoitar música todos os días, mentres que un 14,9% non a escoita nunca ou case nunca. O medio utilizado pola inmensa maioría das persoas que escoitan música en Galicia é en equipos non conectados ao ordenador (82,6%), fronte ao 27,2% dos que escoitan música no ordenador ou en equipos conectados a el.

A evolución que experimentou a forma de escoitar música é moi significativa, dado que as tecnoloxías e os dispositivos empregados para escoitar música foron cambiando moi rápido, e mesmo algúns deles desapareceron por completo. A radio, por exemplo, que foi e segue a ser o medio máis empregado para escoitar música, sufriu unha transformación moi importante nos últimos 15 anos, tal como se pode observar na seguinte gráfica.

Evolución da porcentaxe de persoas que adoitan escoitar música na radio



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Dos medios empregados en Galicia para escoitar música destacan, despois da radio, os equipos conectados a Internet (48,3%) e o móbil (38,2%). No conxunto do Estado estes dous equipamentos tamén ocupan o segundo e terceiro lugar (53,2% e 48,5% respectivamente), pero é o

móbil o que avantaxa aos equipos conectados a Internet e a utilización deste supera en case 5 puntos á de Galicia.

Se se analiza a evolución na utilización dos distintos medios, é salientable o feito de que nos últimos catro anos o uso do móbil para escoitar música se incrementou de xeito moi importante e, aínda que a radio segue a ser o medio máis utilizado, o seu uso diminuíu tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. Tamén cómpre indicar que o uso de equipos conectados a Internet vai en aumento e que os equipos de música portátiles perden protagonismo.

Persoas que adoitan escoitar música segundo os medios utilizados

	2014-2015		2018-2019	
	España	**Galicia**	**España**	**Galicia**
Total adoita escoitar música (miles)	**33.988**	**1.866**	**34.410**	**2.005**
Radio (%)	75,3	76,9	65,7	73,4
Móbil (%)	30,3	22,6	48,5	38,2
Ordenador (%)	25,0	24,4	22,7	23,2
Tableta (%)	4,9	2,8	8,4	9,0
Equipos de música portátiles (%)	18,1	21,6	10,9	11,5
Televisión (%)	10,1	12,1	18,4	15,4
Outros equipos (%)	15,1	13,3	9,7	13,7
En equipos conectados a Internet (%)	-	-	53,2	48,3

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Por outra banda, máis do 80% das persoas que escoitan música fano na casa e, en segundo lugar, no coche. Na seguinte táboa pódense observar datos relativos aos lugares onde se adoita escoitar música tanto en Galicia coma no conxunto de España.

Persoas segundo o lugar en que adoitan escoitar música (%)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Con relación ao tempo dedicado a escoitar música, en Galicia un 83,2% da poboación faino polo menos unha vez á semana durante máis de dúas horas (uns 130 minutos), porcentaxe que se incrementou en case 10 puntos porcentuais con respecto ao período 2014-2015. Un 81,9% dos que escoitan música polo menos unha vez por semana fano de luns a venres durante máis de dúas horas (135,6 minutos) e un 78,9% en fins de semana e festivos durante unhas dúas horas (127,6 minutos). Polo tanto, vese que o tempo medio dedicado a escoitar música diminuíu nunha media hora. No conxunto de España hai unha porcentaxe de poboación case igual ca en Galicia que escoita música polo menos unha vez á semana (83,5%) e que apenas se incrementou con respecto a 2014. Porén, a diferenza de Galicia, o tempo medio dedicado a escoitar música incrementouse nuns 10 minutos.

Persoas que adoitan escoitar música polo menos unha vez por semana e tempo medio de audición

	2014-2015		2018-2019	
	España	Galicia	España	Galicia
Total adoitan escoitar polo menos unha vez por semana				
Poboación (%)	82,8	74,7	83,5	83,2
Media diaria (minutos)	137,9	160,1	146,7	130,0
De luns a venres				

Poboación (%)	81,6	73,8	82,3	81,9
Media diaria (minutos)	147,2	171,4	156,4	135,6
Fin de semana ou festivo				
Poboación (%)	74,3	67,5	77,6	78,9
Media diaria (minutos)	133,9	151,8	137,6	127,6

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en Espa*ña*

Un dato novo que se engade na enquisa de 2018-2019 está relacionado coa subscrición a plataformas dixitais de música, que cada vez adquiren maior protagonismo como medio para escoitar música. Así, a seguinte táboa mostra datos sobre a porcentaxe de persoas subscritas a plataformas dixitais de música en 2018, que en Galicia ascende a un 19,5% da poboación e no conxunto de España a un 21,4%. Se ben no conxunto de España a maioría das subscrición se fixeron a plataformas gratuítas (11,4% fonte a 10,7%), en Galicia as subscricións de pagamento superan as dixitais (10,9% fronte a 9%).

Persoas segundo a subscrición a plataformas dixitais de música no último trimestre por comunidade autónoma

	Total subscritos	Subscricións gratuítas	Subscricións de pagamento
Total España	21,4	11,4	10,7
Andalucía	23,9	13,8	10,5
Aragón	24,8	16,1	9,3
P. Asturias	20,9	12,0	9,3
I. Baleares	27,8	13,2	15,6
Canarias	19,1	6,6	12,9
Cantabria	18,3	11,8	6,5
Castela e León	18,2	11,0	7,7
Castela-A Mancha	19,8	12,4	8,0
Cataluña	24,5	11,9	14,0
C. Valenciana	16,5	9,5	7,9
Estremadura	10,4	5,2	5,2
Galicia	19,5	9,0	10,9
C. Madrid	23,0	11,1	12,4
R. Murcia	18,6	11,6	8,2
C.F. Navarra	23,9	16,1	8,0
País Vasco	19,5	10,6	9,3
A Rioxa	24,7	17,6	8,8
Ceuta e Melilla	25,7	9,1	16,9

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

No conxunto do territorio estatal, a lista está encabezada polas Illas Baleares, onde un 27,8% da poboación está subscrita a plataformas dixitais, mentres que Estremadura ocupa o último lugar segundo este parámetro. Galicia atópase a case dous puntos porcentuais do total de España.

No caso da compra de música, a seguinte táboa mostra a evolución desta variable entre 2006 e 2018 por comunidades autónomas. Pode comprobarse a clara tendencia á caída nas compras en todo o territorio español sen excepción. No conxunto de España as compras reducíronse en dous terzos, pois pasaron do 31% da poboación que compraba música ao 10%. No caso de Galicia, a redución foi algo menor (57,3%), pasou dun 25,5% da poboación ao 10,9% que compra música. A comunidade autónoma onde máis se reduciu a porcentaxe de compra de música neste período foi Canarias (-83,6%) e na que menos foi Castela e León (-44,3%).

Persoas segundo a compra de música por comunidade autónoma

	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
Total España	31,0	18,9	15,2	10,0
Andalucía	30,8	21,4	13,7	12,9
Aragón	34,3	16,3	13,0	10,4
P. Asturias	26,8	15,4	17,7	8,9
I. Baleares	25,9	18,6	11,0	7,3
Canarias	34,8	24,8	8,1	5,7
Cantabria	39,5	20,4	10,8	9,1
Castela e León	24,4	13,5	13,9	13,6
Castela-A Mancha	28,4	11,0	13,1	9,8
Cataluña	28,0	20,8	12,4	8,7
C. Valenciana	30,5	18,4	14,6	7,3
Estremadura	21,6	12,2	9,5	4,2
Galicia	25,5	13,9	12,9	10,9
C. Madrid	41,5	21,5	28,5	10,3
R. Murcia	33,8	18,4	17,2	10,2
C.F. Navarra	35,7	14,5	13,8	9,6
País Vasco	27,6	19,1	13,4	14,1
A Rioxa	32,3	24,6	15,2	9,5
Ceuta e Melilla	38,4	27,2	9,4	8,9

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Ante este descenso no número de persoas que compran música, cómpre sinalar cales son os motivos e establecer unha comparación

temporal con respecto á enquisa anterior. Segundo a táboa que se mostra a continuación, as razóns económicas para non adquirir música descenderon notablemente, e pasa a gañar importancia o acceso á música por Internet e plataformas dixitais.

Persoas segundo os motivos principais polos que non compran máis CD ou DVD musicais con marca

	2014-2015		2018-2019	
	España	Galicia	España	Galicia
Grava a música que quere de amigos	6,5	7,0	2,3	1,8
Baixa música de Internet	14,6	12,1	9,0	10,3
Os CD, DVD, Blu-Ray son caros	37,2	43,2	7,1	10,4
Non está ao día das novidades	9,9	11,2	2,8	1,7
A música non lle interesa demasiado	13,8	17,5	7,0	10,5
Non ten tempo para escoitar música	9,0	9,8	3,7	4,3
A música que quere oír óea pola radio ou TV	42,7	42,3	36,9	46,1
A música que quere oír óea por Internet	14,7	9,8	32,0	23,0
Obtena por subscrición a plataformas dixitais	-	-	9,9	13,0
Por motivos económicos	-	-	33,2	17,0
Por non atopala en establecementos comerciais	-	-	0,7	1,2
Outras	18,5	14,4	6,8	5,9

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A continuación, cómpre analizar os datos sobre a asistencia e o interese polos concertos. Na seguinte táboa móstranse datos sobre o grao de interese nos concertos en xeral e nos de música clásica e actual por separado. En xeral, o interese polos concertos é máis elevado cando se trata de concertos de música actual, que reciben unha puntuación media de 6,6 no conxunto de España e de 6,4 en Galicia.

Persoas segundo o grao de interese polos concertos (De 0 a 10)

	España	Galicia
Interese polos concertos		
De 0 a 2	9,4	13,2
De 3 a 4	3,6	3,6
De 5 a 6	16,7	16,4
De 7 a 8	38,0	34,0
De 9 a 10	32,4	32,9
Media	-	-
Interese polos concertos de música clásica		
De 0 a 2	27,7	34,0
De 3 a 4	10,1	9,8
De 5 a 6	24,1	21,6
De 7 a 8	23,9	20,3

De 9 a 10	14,2	14,3
Media	5,0	4,6
Interese polos concertos de música actual		
De 0 a 2	12,4	15,7
De 3 a 4	5,5	5,4
De 5 a 6	19,9	18,9
De 7 a 8	35,2	32,5
De 9 a 10	26,9	27,6
Media	6,6	6,4

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Con respecto á asistencia a concertos por comunidades autónomas, obsérvase na seguinte táboa que Galicia supera á media estatal, tanto en concertos de música clásica como de música actual, e ocupa a quinta posición no total de España. A Comunidade de Madrid sitúase no primeiro posto en asistencia a concertos de música clásica (un 12,7% da poboación) e o País Vasco en concertos de música actual (39,%).

Persoas segundo a asistencia a concertos no último ano por comunidade autónoma

	Asistencia a concertos	Música clásica	Música actual
Total España	34,2	9,4	30,1
Andalucía	37,2	8,3	34,0
Aragón	35,1	9,7	30,1
P. Asturias	34,7	9,0	31,1
I. Baleares	36,4	9,3	32,3
Canarias	25,6	6,6	23,1
Cantabria	39,9	8,3	36,8
Castela e León	36,9	9,2	33,3
Castela-A Mancha	41,5	11,4	37,4
Cataluña	27,6	7,0	24,1
C. Valenciana	29,3	10,1	24,8
Estremadura	33,8	4,6	31,8
Galicia	37,3	10,0	33,9
C. Madrid	34,0	12,7	27,7
R. Murcia	38,8	11,1	34,1
C.F. Navarra	37,9	10,9	33,5
País Vasco	44,6	12,4	39,8
A Rioxa	32,5	7,7	28,4
Ceuta e Melilla	36,4	7,4	33,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

As seguintes gráficas mostran unha comparativa da evolución na asistencia a concertos de música clásica e música actual entre Galicia e o conxunto de España. Por unha banda, é salientable o feito de que a afluencia aos dous tipos de concertos experimentou unha evolución positiva tanto en Galicia coma no total do Estado, aínda que se observan flutuacións máis importantes na comunidade galega entre os anos 2006 e 2015. No conxunto de España, a asistencia a concertos de música clásica cae ata 2010 pero logo volve remontar en 2018. No caso dos concertos de música actual, a afluencia mantense estable ata 2015 e medra de forma considerable no último ano da serie histórica.

Evolución da asistencia a concertos no último ano



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Aínda así, a porcentaxe de persoas que non vai nunca ou case nunca a un concerto é moi elevada. En Galicia a porcentaxe de persoas que non asistía a un concerto de música clásica en 2002 chegaba ao 88,6% e en 2018 reduciuse ata o 71,5%. No total de España a evolución foi similar, pasouse dun 86,4% de poboación que non ía nunca ou case nunca a un concerto de música clásica a un 65,1%. No caso dos concertos de música actual, en Galicia pásase dun 65,6% de persoas que non vai nunca ou case nunca en 2002 a un 39,6% en 2018, mentres que no conxunto estatal a variación porcentual pasa dun 67,2% a un 36,4%.

Evolución de persoas que non asistiron nunca ou case nunca a un concerto



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Por último, cómpre analizar as causas polas que a xente non asistiu a concertos. Na seguinte táboa móstrase unha diferenza importante entre os concertos de música clásica e os de música actual. Así, mentres que o principal motivo polo que as persoas non asisten ou non asisten máis a concertos de música clásica é a falla de interese tanto en Galicia (42,6%) coma no conxunto de España (41,4%), no caso dos concertos de música actual, o motivo principal é a falla de tempo, tanto na comunidade galega (26,9%) coma no total do Estado (26,8%).

Persoas segundo os motivos polos que non van ou non van máis a concertos de música clásica e actual

	Música clásica		Música actual	
	España	Galicia	España	Galicia
É caro	10,7	5,3	17,8	12,2
É difícil conseguir entradas	1,1	0,6	1,7	1,7
Hai pouca oferta	10,7	15,5	14,8	19,3
Hai pouca información	3,0	3,6	2,6	4,2
Prefire velo en TV/vídeo/radio/Internet	2,8	1,8	3,2	2,3
Resúltalle difícil saír da casa	4,6	3,2	5,8	5,0
Resúltalle difícil entender	2,1	1,5	0,9	0,6
Non ten tempo	20,4	20,6	26,8	26,9
Non ten interese	41,4	42,6	22,9	22,1
Non ten con quen ir	2,1	3,0	2,3	3,0
Só dispoñibles en revenda	0,1	0,0	0,1	0,0
Problemas de accesibilidade física ao recinto	1,1	2,3	1,2	2,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Cine

Un 44,4% da poboación galega foi ao cine no último ano e un 28,4% fíxoo nos últimos tres meses, uns índices sensiblemente inferiores aos que mostra a media estatal, que sitúa a asistencia no último ano en case un 58% (13,4 puntos porcentuais por riba) e a do último trimestre en 40,2% (11,8 puntos porcentuais máis). En Galicia, as persoas que non van nunca dobran practicamente ás do conxunto estatal: un 29,6% fronte a un 15,8%. A seguinte táboa comparativa recolle os principais datos de asistencia de todas as comunidades autónomas, e nela destacan Madrid, Baleares e Navarra cuns niveis que superan o 60%.

Porcentaxe de persoas segundo asistencia ao cine

	Total foron no último ano	Nos últimos tres meses	Entre tres meses e un ano	Hai máis dun ano	Nunca ou case nunca
España	57,8	40,2	17,6	26,4	15,8
Andalucía	59,7	40,4	19,3	28,9	11,4
Aragón	56,1	34,9	21,2	38,4	5,5
P. Asturias	45,7	28,9	16,8	36,1	18,2
I. Baleares	63,0	43,2	19,8	27,3	9,7
Canarias	56,8	43,9	12,9	22,9	20,3
Cantabria	46,0	29,6	16,4	27,8	26,2
Castela e León	51,1	34,2	16,9	29,1	19,8
Castela-A Mancha	55,4	40,3	15,2	31,7	12,9
Cataluña	59,1	42,4	16,7	25,9	15,0
C. Valenciana	58,9	35,7	23,2	23,9	17,2
Estremadura	48,4	33,3	15,1	24,3	27,3
Galicia	44,4	28,4	16,0	26,0	29,6
C. Madrid	66,3	51,6	14,7	20,6	13,1
R. Murcia	59,5	40,4	19,0	19,5	21,0
C.F. Navarra	60,8	44,0	16,8	27,4	11,9
País Vasco	56,1	38,8	17,4	29,5	14,4
A Rioxa	55,7	42,2	13,5	27,7	16,6
Ceuta e Melilla	58,8	41,2	17,6	31,2	10,0

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Dentro dese 28,4% de persoas que foron ao cine nos últimos tres meses, o número medio de veces que o fixeron foi de 2,8, o mesmo ca media estatal, polo que se pode deducir que, aínda que a taxa de asistencia ao cine en Galicia é baixa, aquelas persoas que acostuman ir fano cunha frecuencia similar ao resto de España. Por riba desta taxa de asis-

tencia atópanse só tres comunidades: Cantabria, Cataluña e Madrid, e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Porcentaxe de persoas que foron ao cine nun trimestre e número medio de veces

	Porcentaxe	Número medio de veces
España	40,2	2,8
Andalucía	40,4	2,5
Aragón	34,9	2,7
P. Asturias	28,9	2,5
I. Baleares	43,2	2,5
Canarias	43,9	2,8
Cantabria	29,6	3,2
Castela e León	34,2	2,7
Castela-A Mancha	40,3	2,8
Cataluña	42,4	3,1
C. Valenciana	35,7	2,9
Estremadura	33,3	2,7
Galicia	28,4	2,8
C. Madrid	51,6	3,0
R. Murcia	40,4	2,7
C.F. Navarra	44,0	2,7
País Vasco	38,8	2,7
A Rioxa	42,2	2,9
Ceuta e Melilla	41,2	3,0

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

A continuación preséntase unha táboa con datos de evolución de asistencia ao cine nos últimos dezasete anos. Obsérvase como durante o período de influencia da crise económica descende esta actividade en Galicia e practicamente en todas as demais comunidades autónomas. A partir do bienio 2014-2015, a suba é moi marcada en Galicia e en toda España (só baixa dous puntos A Rioxa e dúas décimas Cataluña) e continúa o ascenso nos últimos dous anos, a excepción de cinco comunidades autónomas (Cantabria, Madrid, Navarra, País Vasco e Asturias).

Evolución da porcentaxe de persoas segundo a asistencia ao cine no último ano

	2002-2003	2006-2007	2010-2011	2014-2015	2018-2019
España	55,6	52,1	49,1	54,0	57,8
Andalucía	52,3	49,1	47,2	50,4	59,7
Aragón	60,6	48,4	43,8	51,2	56,1
P. Asturias	44,3	42,2	35,5	48,1	45,7
I. Baleares	56,6	53,5	53,5	57,6	63,0

Canarias	55,3	48,9	50,4	48,4	56,8
Cantabria	55,2	49,9	44,4	49,9	46,0
Castela e León	52,0	46,8	40,5	49,8	51,1
Castela-A Mancha	49,2	47,1	37,9	44,9	55,4
Cataluña	63,6	56,9	57,5	57,3	59,1
C. Valenciana	51,1	54,5	50,9	52,1	58,9
Estremadura	40,8	42,2	36,8	43,4	48,4
Galicia	49,6	39,7	36,5	40,5	44,4
C. Madrid	62,0	65,2	59,4	70,1	66,3
R. Murcia	48,4	48,8	46,3	51,7	59,5
C.F. Navarra	57,9	55,8	48,6	64,2	60,8
País Vasco	65,0	49,4	45,7	59,5	56,1
A Rioxa	61,7	58,3	53,1	51,1	55,7
Ceuta e Melilla	-	42,4	46,4	48,0	58,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

A escaseza de tempo (26,8%), o prezo da entrada (22,1%) así como a falta de interese (17,6%) e de oferta na zona de residencia (11,3%) son os catro motivos principais polos que a poboación galega non vai ao cine ou non vai máis veces. Aínda que estas son razóns esgrimidas tamén polos enquisados do conxunto do Estado, hai que salientar que Galicia se desmarca de xeito significativo en dúas respostas: a falta de interese por esta actividade cultural e a oferta insuficiente na zona de residencia (5,5 e 2,4 puntos porcentuais respectivamente por riba da media nacional).

Motivos polos que as persoas non van ou non van máis veces ao cine



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Nesa mesma liña descritiva, a seguinte gráfica é bastante ilustrativa. As persoas de comunidades como Castela-A Mancha, Andalucía ou Castela e León así como as das cidades autónomas alegan como un dos motivos máis importantes polos que non van ao cine a escasa oferta na súa zona. A taxa de persoas que non van ao cine en Galicia por esta razón ocupa a quinta posición.



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

O grao de interese dos galegos e as galegas polo cine é o máis baixo de España. Nunha franxa de valoración que vai entre 0 e 10, a media en Galicia é dun 6, o peor dato do conxunto estatal e 0,8 décimas por debaixo da media nacional.



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

O cine de produción americana segue a ser o preferido pola poboación galega, seguido do español e o europeo, comportamento semellante ao que pasa no conxunto do Estado, como se pode ver na seguinte gráfica de evolución.



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España

Vídeo e contidos audiovisuais

O interese dos galegos polo vídeo e os contidos audiovisuais é algo superior ao cine e sitúase en 6,5, medio punto menos que o conxunto estatal. En calquera caso, o grao de interese por este tipo de produtos culturais é dos máis baixos de España.

Grao de interese polos contidos audiovisuais (vídeos de películas, series e outros)

Total España	7,0
Andalucía	7,3
Aragón	7,0
P. Asturias	6,6
I. Baleares	7,1
Canarias	7,0
Cantabria	6,6
Castela e León	6,8
Castela-A Mancha	7,0
Cataluña	6,8
C. Valenciana	7,1
Estremadura	7,0
Galicia	6,5
C. Madrid	7,4
R. Murcia	6,7
C.F. Navarra	6,5
País Vasco	6,3
A Rioxa	7,1
Ceuta e Melilla	7,6

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

En relación co anterior, a poboación galega ve menos vídeos en xeral, e menos series e películas en particular. Con todo, case a metade da poboación visualiza este tipo de contidos.

Persoas que viron vídeos (de películas, series, outros) no último ano

	Total viron vídeos	De películas	De series	Doutro tipo
España	65,1	63,0	54,5	40,7
Galicia	53,7	51,0	47,3	31,7

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

En canto á frecuencia coa que se ven vídeos, un 15,7% ven películas e un 22,2% series a diario, e case catro de cada dez persoas en Galicia o fan cunha frecuencia semanal. O tempo dedicado a ver vídeos é de 373 minutos á semana, 25 menos que o conxunto de España.

Persoas que viron vídeos segundo frecuencia e tipo

	Total viron vídeos	De películas	De series	Doutro tipo
Todos os días	25,7	15,7	22,2	12,5
Polo menos unha vez por semana	45,9	38,8	39,5	23,9
Polo menos unha vez ao mes	51,4	47,7	44,9	28,0
Polo menos unha vez ao trimestre	53,0	50,0	46,7	30,3
Polo menos unha vez ao ano	53,7	51,0	47,3	31,7
Nunca ou case nunca	46,3	49,0	52,7	68,3

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

En canto aos soportes de vídeo, o 44,8% usa soportes físicos e un 64,8% soportes dixitais, unhas cifras similares ás do resto de España. Entre estes últimos, a poboación galega é un pouco menos proclive á visualización directamente de Internet. O uso de plataformas dixitais é o medio preferido polo 34,8%. O 24,7% está subscrito a plataformas dixitais de pago. As persoas que declararon realizar descargas gratuítas de vídeo son un 4%, fronte ao 13,4% que o facía hai catro anos. As persoas que visualizaron vídeos sen marca ou licenza de autor son un escaso 2,4%.

Persoas que adoitan ver vídeos segundo o soporte utilizado para velos

		España	Galicia
Soportes físicos (CD,DVD,Blu-Ray) (%)		47,4	44,8
Soportes dixitais	Total (%)	64,9	64,8
	Directamente de Internet (%)	35,9	28,7
	Descarga dixital (%)	8,9	8,0
	A través de plataformas dixitais (%)	33,6	34,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Ordenador e Internet

Un 69,3% da poboación galega utiliza Internet, un 41% faino por motivos profesionais ou de estudos, mentres que un 68,5% accede por ocio ou entretemento. Nunha análise comparativa co total de España, constátase que o acceso a Internet na comunidade galega mostra índices máis baixos ca a media estatal.

Persoas segundo o motivo polo que acostuman acceder a Internet

	Total acostuman utilizar Internet	Por profesión ou estudos	Por ocio ou entretemento	Non o utilizan
Total España	76,9	45,7	75,6	23,1
Galicia	69,3	41,0	68,5	30,7

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

No que respecta á frecuencia da conexión, reflíctese a mesma conduta. Un 69,1% dos usuarios e usuarias galegas acceden polo menos unha vez ao mes, mentres que no conxunto do Estado a porcentaxe ascende a 76,5. Tamén son máis baixos os índices de conexión por traballo ou estudos (40,6% fronte a 44,8% e 68,1% fronte ao 75,1 respectivamente). A pesar deses datos, o tempo medio de conexión á semana en Galicia é maior ca a media estatal, 988 minutos (20 minutos máis), diferenza que aumenta a 87 minutos cando se trata do acceso por traballo ou estudos (918,9).

Con relación ao uso do ordenador, un 56% da poboación galega utilízao polo menos unha vez ao mes, 5,8 puntos porcentuais por debaixo da media estatal. O mesmo sucede na análise segundo o tipo de uso, un 37,6% das persoas en Galicia emprégao por traballo ou estudos e un 50,7% por ocio ou entretemento. En ambos os casos os índices tamén son inferiores aos do total de España: 4,9 e 5,3 puntos menos respectivamente. Con todo, a comunidade galega é a cuarta do conxunto do estado que máis minutos (1.003) utiliza o ordenador á semana en todos os casos, como se constata na seguinte táboa comparativa.

Número medio de minutos que se usa o ordenador nunha semana, segundo o tipo e lugar de uso

	Total	Por traballo ou estudos	Por ocio ou entretemento
Total España	965,9	973,0	326,0
C. Madrid	1.214,5	1.197,0	386,0
A Rioxa	1.105,7	1.185,0	357,0
Canarias	1.035,0	951,0	409,0
Galicia	1.003,1	1.002,0	362,0
Cataluña	980,7	1.051,0	299,0
Castela e León	980,2	977,0	312,0
País Vasco	953,5	939,0	303,0
Castela-A Mancha	919,0	911,0	326,0
Aragón	915,7	970,0	305,0
Andalucía	887,4	835,0	311,0
C. Valenciana	881,6	961,0	317,0
Estremadura	853,6	792,0	347,0
Cantabria	848,9	865,0	313,0
Ceuta e Melilla	848,7	802,0	348,0
R. Murcia	817,2	771,0	319,0
C.F. Navarra	810,1	847,0	282,0
P. Asturias	802,8	898,0	266,0
I. Baleares	626,2	654,0	202,0

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Máis de 5,8 millóns de españois utilizaron videoxogos durante un trimestre, dos que cerca de 3 millóns corresponden ás comunidades de Madrid, Andalucía e Cataluña. Galicia é a oitava comunidade en número de xogadores, cun total de 273.000, que constitúen o 4,7% do total. A seguinte gráfica dá conta do uso dos videoxogos en comparativa coas demais comunidades autónomas.



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

A frecuencia do uso dos videoxogos en Galicia é algo inferior á media estatal en todos os treitos, tan só un 4% xoga todos os días, un 9,4% polo menos unha vez á semana e un 10,9% unha vez ao mes, entre 1 e 3 puntos porcentuais menos que no conxunto de España, como mostra a seguinte gráfica.

Persoas segundo a frecuencia coa que acostuman usar videoxogos

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019.

A consola é o soporte preferido polo 61,7% dos galegos e as galegas no uso de videoxogos, seguido do ordenador (43%) e o teléfono móbil (30,8%). Algo moi similar ao que sucede no resto do Estado, aínda que neste se inverte a preferencia polo teléfono móbil sobre o ordenador, un 31,1% fronte a un 26,7%. Chama a atención esta diferenza de máis de 16 puntos porcentuais no uso do ordenador para xogar por parte da poboación galega respecto á media estatal.

Porcentaxe de persoas que utilizaron videoxogos nun trimestre segundo o tipo de soporte usado para xogar

	Galicia	España
Consola (%)	61,7	67,2
Ordenador (%)	43,0	26,7
Tableta (%)	17,7	13,6
Teléfono móbil (%)	30,8	31,1
Televisión (%)	3,3	2,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

As aplicación informáticas vinculadas á cultura son utilizadas por case 3,7 millóns de españois. De novo, coma no apartado de videoxogos, Galicia ocupa a oitava posición *no ranking* comunitario, cun total de 182.000 usuarios.

Total de persoas (miles)que utilizaron aplicacións vinculadas á cultura no último trimestre



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Un 57,9% dos galegos e galegas utilizan as aplicacións relacionadas coa prensa e as revistas, unha porcentaxe elevada se se ten en conta que a media estatal é dun 39,4% (18,5 puntos inferior). Libros e cine ocupan o segundo lugar. Chama a atención a escaseza no uso das aplicacións para a asistencia a espectáculos escénicos e musicais: só un 2,6% da poboación galega fronte a un 11,6% da do resto do Estado.

Porcentaxe de persoas que utilizaron aplicacións vinculadas á cultura segundo o tipo

	Galicia	España
A libros (%)	27,2	28,9
A prensa e revistas (%)	57,9	39,4
A museos e monumentos (%)	7,5	14,1
A espectáculos escénicos e musicais (%)	2,6	11,6
A cine (%)	15,6	19,1
A outras culturais (%)	14,4	22,9

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Radio e televisión

A práctica totalidade da poboación ve televisión e este é un hábito que non mudou substancialmente nos últimos anos, pero que si manifesta diferenzas entre as distintas comunidades autónomas. O tempo medio de visionado diario de televisión oscila entre os 128 minutos de Navarra e os 214 de Estremadura. Galicia é a penúltima comunidade na que menos televisión se ve, con 131 minutos, mentres que a media estatal se sitúa en case 154 minutos ao día.

Tempo medio diario de visionado de televisión (minutos)



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Evolución do tempo medio de visionado diario de televisión (minutos)



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

O número de persoas que usan Internet para ver a televisión ou escoitar a radio foi crecendo nos últimos cinco anos en todas as comunidades autónomas e pódese inferir que a tendencia seguirá en ascenso no futuro pola implantación e evolución das novas tecnoloxías en todos os hábitos culturais. Con todo, Galicia consume menos radio e televisión en liña ca a media estatal, tal e como se pode ver na seguinte gráfica comparativa.

Evolución da porcentaxe de persoas que viron a televisión ou escoitaron a radio no último mes directamente de Internet*



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

*A enquisa do Ministerio ofrece información desagregada por comunidades autónomas só entre 2014 e 2019.

Como se pode ver a continuación na táboa, o uso da rede para ver a televisión ou escoitar a radio está encabezado no primeiro caso polas cidades autónomas e Illas Baleares e no segundo por Madrid e Andalucía. Galicia, como se comentaba con anterioridade, sitúase nas últimas posicións.

Porcentaxe de persoas que viron a televisión ou escoitaron a radio no último mes directamente de Internet

	Televisión	Radio
España	13,5	13,3
Andalucía	14,1	17,0
Aragón	7,0	8,5
P. Asturias	10,8	13,1
I. Baleares	20,6	11,0
Canarias	10,7	9,6
Cantabria	6,9	5,4
Castela e León	15,0	12,7
Castela-A Mancha	12,0	13,9
Cataluña	10,7	11,1
C. Valenciana	14,6	11,5
Estremadura	13,1	10,4
Galicia	9,4	9,3
C. Madrid	18,9	17,7
R. Murcia	15,2	13,7
C.F. Navarra	14,3	14,5
País Vasco	11,3	13,0
A Rioxa	7,2	9,2
Ceuta e Melilla	26,7	15,3

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Outras prácticas culturais

Case un terzo da poboación galega é afeccionada á fotografía, un 15% pinta ou debuxa e un 9,6% toca un instrumento musical, proporcións similares ás do conxunto de España. Cantan nun coro ou fan teatro un 2% da poboación e un 11,6% inclínase a escribir, case un 3% máis que o total do Estado.

Persoas que realizaron actividades artísticas no último ano segundo o tipo de actividade

	España	Galicia
Escribir	8,7	11,6
Pintar ou debuxar	16,1	15,6
Outras artes plásticas	10,3	10,9

Facer fotografía	28,8	29,7
Facer vídeo	16,7	16,7
Deseñar páxinas Web	3,2	2,4
Outras audiovisuais	3,1	1,5
Facer teatro	2,2	2,4
Danza, ballet, baile	6,2	6,3
Flamenco, baile español	2,2	1,5
Tocar un instrumento	9,6	9,6
Cantar nun coro	2,7	2,0
Outras vinculadas á música	4,3	3,4
Dispoñer de blog propio	2,5	1,9
Outras actividades artísticas	5,4	3,1

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Un 4,8% da poboación galega asistiu a clubs de lectura ou escritura ou a outras actividades literarias (presentacións de libros, contacontos etc.) no último ano.

En canto á afluencia a actividades culturais e artísticas non mencionadas anteriormente, cabe sinalar que en Galicia se asiste en maior medida que no conxunto de España a centros culturais (26%), a conferencias ou mesas redondas (17,7%) e a festas, entroidos e outras manifestacións da cultura tradicional (64,5%). Pola contra, visítanse en menor medida xardíns botánicos e parques temáticos e de atraccións así como feiras vinculadas ao libro.

Persoas que asistiron a actividades artísticas no último ano segundo o tipo

	Total	Galicia
Centro cultural	24,3	26,0
Conferencia ou mesa redonda	15,4	17,7
Espectáculo de artes escénicas non mencionado anteriormente (1)	3,4	12,5
Zoo ou parque con animais	15,9	15,4
Xardín botánico	15,9	12,5
Parque temático	17,2	11,6
Parque acuático	16,6	15,4
Parque de atraccións	19,7	13,7
Feiras	49,3	44,1
Espectáculos deportivos	33,2	33,5
Feiras ou festivais vinculados ao libro	22,8	19,2
Manifestacións da cultura tradicional ou patrimonio inmaterial (festas populares, entroidos etc.)	57,0	64,5

(1) Excluíndo teatro, ópera, danza, ballet e circo

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

A enquisa sobre hábitos e prácticas culturais en España do Ministerio de Cultura y Deporte tamén dá conta do nivel de asociacionismo e de mecenado a través de diferentes fórmulas. Segundo os datos, pódese constatar que a poboación galega participa máis activamente que o conxunto de España en asociación culturais (tamén entre as que son de pago) e achega en maior medida doazóns.

Persoas que participan ou apoian dalgunha forma actividades culturais

	Total	Galicia
Mediante traballo voluntario	4,1	3,6
Mediante doazóns	2,1	3,5
Pertencen a asociacións culturais ou clubs de amigos: total	3,9	5,9
Pertencen a asociacións culturais ou clubs de amigos: con cotas	2,4	5,2
Pertencen a asociacións culturais ou clubs de amigos: sen cotas	1,6	0,8

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Prácticas culturais na infancia, vinculación coa práctica cultural dos proxenitores e implicación na práctica dos fillos/-as

Esta enquisa introduce un novo bloque en 2018-2019 que aborda as prácticas culturais na infancia (0-14 anos). Nel tamén se inclúe información sobre a relación entre os hábitos culturais dos proxenitores e fillos, así como sobre a influencia da implicación dos pais nas actividades culturais dos fillos.

Un 71,8% da poboación galega investigada afirma ter lido por ocio na súa infancia, un 51,2% visitou museos, monumentos etc., un 51,1% asistiu a espectáculos escénicos ou musicais, un 72% foi ao cine e case un 55% realizou outras prácticas culturais. Na comparativa con España, Galicia sitúase algo por debaixo en todos os tipos de actividade, especialmente nas visitas a museos, cine e lectura.



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Respecto á actividade desenvolvida polos pais das persoas entrevistadas en Galicia, recóllese que un 53,5% lía por ocio, un 40,9% ía ao cine, un 34,9% visitaba museos, monumentos, exposicións etc. e un 33,7% asistía a espectáculos escénicos e musicais. Nestes casos, aumenta algo máis a diferenza coa media estatal, que achega índices superiores aos galegos, a excepción da variable "realizaron outras prácticas culturais", que recolle actividades relacionadas coa cultura e o ocio, como a asistencia a conferencias, centros culturais, feiras de libros, clubs de lectura ou parques temáticos, entre outros, tal e como se mostra a continuación na gráfica.



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Tamén é interesante analizar as prácticas e hábitos culturais das persoas segundo se os seus pais realizaban ou non estas actividades. A seguinte táboa recolle que un 66,7% das persoas entrevistadas que leron por ocio no último ano, os seus pais tamén o facían, o mesmo sucede co 57,9% dos que van ao cine, o 53% dos que asisten a espectáculos escénicos e musicais e o 47,4% dos que visitan museos, monumentos etc. Salvo no caso do cine, hai unha maior proporción de persoas en Galicia que teñen pais que facían as mesmas actividades culturais, como constata a seguinte táboa.

Porcentaxe de persoas que realizaron unha actividade cultural no último ano segundo a práctica cultural dos seus pais, frecuencia e tipo de actividade

	Total	Frecuentemente	Ocasionalmente	Ningún dos pais realizou a actividade
Asistencia a espectáculos escénicos ou musicais				
España	50,2	12,6	37,6	49,8
Galicia	53,0	15,2	37,8	47,0
Asistencia ao cine				
España	63,2	19,1	44,1	36,8
Galicia	57,9	21,1	36,9	42,1
Visitas a museos, monumentos, xacementos, exposicións, galerías de arte ou arquivos				
España	50,9	12,6	38,3	49,1
Galicia	47,4	11,8	35,6	52,6
Lectura por ocio				
España	71,2	40,3	30,9	28,8
Galicia	66,7	42,5	24,2	33,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019 do Ministerio de Cultura y Deporte.

Por último, no apartado que corresponde á implicación dos pais e nais nas actividades culturais dos fillos e fillas, obsérvase que o 75,6% da poboación galega que ten fillos ou fillas menores de 18 anos na súa casa declara que foi ao cine con estes, o 72,6% len con eles por ocio, un 67,6% vai con eles visitar museos ou monumentos, un 62,5% asiste a espectáculos escénicos ou musicais. A implicación dos pais e nais galegos é similar á do conxunto dos pais e nais españois, se ben asisten algo máis a espectáculos escénicos e musicais e un pouco menos ao cine.

Porcentaxe de persoas que se implica na práctica cultural dos seus fillos menores de 18 anos



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte. Encuesta de Hábitos y Prácticas Culturales en España 2018-2019

Conclusións

Nunha escala de 0 a 10, á poboación galega o que máis lle interesa é, por esta orde: a música (7,6), os contidos audiovisuais (6,5), a lectura (6,4), o cine (6) e a visita a monumentos (5,7). Cunha puntuación inferior a 5 atópanse o teatro e os museos (4,6) así como as visitas a xacementos arqueolóxicos e exposicións (4,4). Suscitan menor interese as galerías de arte (3,5), o circo (3,5), o ballet (3,2), a ópera (2,9) e as bibliotecas (2,5).

Escoitar música é un hábito diario para sete de cada dez galegos e galegas. A radio é o medio principal para escoitar música, pese a que o

seu uso descendeu nos últimos anos á vez que aumentou o uso do teléfono móbil para este fin. En xeral, o uso de equipos conectados a Internet vaise incrementando e os aparatos de música portátiles van diminuíndo. Tamén se incrementa o uso de plataformas dixitais gratuítas e de pago, mentres que baixa o número dos que adquiren música en soportes físicos. A asistencia a concertos en Galicia é superior á do conxunto de España, tanto en concertos de música clásica como de música actual e confírmase a súa tendencia a crecer nos últimos anos. Pola súa banda, os instrumentos musicais están presentes en tres de cada dez fogares galegos, pero só unha de cada dez persoas sabe tocar un.

O interese da poboación galega pola lectura aumenta, mesmo en maior medida que no conxunto de España. Os fogares galegos que dispoñen de libros son nove de cada dez. Nos fogares onde hai libros, o número medio tende aumentar e sitúase nos 239 exemplares. Así mesmo, tamén aumenta lixeiramente a tendencia a que haxa fogares sen libros. En canto ao libro dixital, o crecemento é moi importante. Ademais, naqueles fogares onde hai libros dixitais, a media total de libros é maior e aqueles que usan este formato len algo máis que os que o fan sobre o papel. O motivo principal polo que non se le máis é a falta de tempo, seguido do feito de que á xente non lle gusta. No referente á compra de libros, algo máis dunha cuarta parte da poboación galega declarou mercar libros no último trimestre. A poboación galega compra máis ou menos na mesma medida que no resto de España, pero algo menos en formato dixital. Tamén asiste algo menos a feiras vinculadas ao libro. Malia isto, a tendencia na compra de libros é positiva. En canto á lectura de prensa, máis da metade dos galegos e galegas fano a diario, case un 10% por riba do total de España. A poboación galega tamén é algo máis afeccionada a escribir.

Algo menos da metade das persoas residentes en Galicia foron ao cine no último ano. Comparativamente, a asistencia ao cine en Galicia é baixa, pero aquelas que acostuman ir fano cunha frecuencia similar ao conxunto de España. Houbo un descenso no hábito de ir ao cine durante os anos da crise económica, pero vaise recuperando paulatinamente. A escaseza de tempo, o prezo da entrada, a falta de interese e a falta de oferta na zona de residencia son os motivos principais polos que a poboación galega non vai máis ao cine. En comparación co resto de España,

en Galicia tamén se ven algo menos outros contidos audiovisuais. Con todo, un 15,7% ve diariamente películas e un 22,2%, series. O tempo dedicado a ver vídeos é de 373 minutos á semana. Case unha cuarta parte da poboación galega está subscrita a plataformas dixitais de pago. No últimos anos descende o uso de medios gratuítos e sen licenza.

Un pouco menos da metade da poboación galega realizou no último ano unha visita a un museo, exposición ou galería de arte, cunha tendencia crecente nos últimos anos. Con todo, Galicia é unhas das comunidades onde hai máis persoas que nunca van a un museo, case un terzo da poboación. O motivo principal polo que a xente non vai aos museos é a falta de tempo, seguido pola falta de interese e a falta de oferta na zona da persoa entrevistada. Así mesmo, practicamente a metade da poboación galega visitou no último ano algún monumento e dous de cada dez, algún xacemento arqueolóxico. A tendencia tamén é positiva nos últimos anos.

A asistencia a espectáculos de artes escénicas varía segundo o tipo de espectáculo, pero o teatro é o que atrae un maior número de espectadores. A afluencia é lixeiramente inferior ao conxunto de España, pero cunha evolución positiva nos últimos anos. Non se asiste máis por falta de tempo, interese e escaseza de oferta e, no caso da ópera, porque resulta caro. Un 2% da poboación galega fai teatro afeccionado.

A porcentaxe de galegos e galegas que asistiu a bibliotecas é do 22,8%. O principal motivo para non asistir a este equipamento é a falta de interese, seguido da falta de tempo. Un 6,5% da poboación galega non vai porque prefire acceder a través de Internet.

A práctica totalidade da poboación ve televisión, sen que mude moito a situación nos últimos anos. Con todo, Galicia é a penúltima comunidade autónoma na que menos televisión se ve, case 25 minutos menos ao día que a media. O número de persoas que usan Internet para ver a televisión ou escoitar a radio foi crecendo nos últimos anos. Con todo, Galicia consume menos radio e televisión en liña ca a media estatal. De feito, case todos os fogares teñen un aparato para escoitar música ou ver a televisión, pero seguen sendo maioría os galegos e galegas que usan aparellos non conectados á rede. De feito, os fogares con acceso a Internet teñen unha evolución positiva, pero sen os crecementos que se

puideron ver no pasado. Sete de cada dez persoas accede a Internet en Galicia por ocio ou entretemento. Un terzo da poboación galega vive nun fogar onde hai polo menos unha consola de videoxogos, que é o soporte preferido para xogar, pero a frecuencia do uso é algo inferior á media estatal.

Case un terzo das persoas que residen en Galicia é afeccionado á fotografía, un 15% pinta ou debuxa e un 2% da poboación canta nun coro. A poboación galega ten maior afección que o conxunto de España a asistir a centros culturais, a conferencias ou mesas redondas así como a festas, entroidos e outras manifestacións da cultura tradicional. Tamén participa máis en asociacións culturais e achega doazóns en maior medida. Pola contra, visita en menor medida xardíns botánicos e parques temáticos e de atraccións.

Sete de cada dez persoas leron por ocio e asistiron ao cine en Galicia na súa infancia e a metade visitou museos e asistiu a espectáculos culturais. En xeral, a poboación galega participou menos en actividades culturais cando era cativa que a media estatal. Respecto á actividade desenvolvida polos pais e nais das crianzas entrevistadas, recóllese que a metade lía por ocio, catro de cada dez ían ao cine e un terzo visitaba museos e asistía a espectáculos escénicos e musicais. Nestes casos, as diferenzas co conxunto de España son maiores dado que as nais e pais galegos fan menos actividades culturais en xeral. Tamén se constata a influencia paterna e materna na infancia, xa que dous terzos da poboación galega que le ten nais e pais lectores. O mesmo sucede con aproximadamente a metade dos que van ao cine, asisten a espectáculos escénicos e musicais e visitan museos. De igual xeito, en Galicia os proxenitores e proxenitoras con crianzas menores de 18 anos tenden a acompañalas nas actividades culturais nunha medida parecida á do conxunto das nais e pais españois, malia que van algo menos ao cine e un pouco máis a espectáculos escénicos e musicais.